

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DO ALUMNADO DO MASTER UNIVERSITARIO EN TURISMO URBANO E XESTIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido producindo os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións da Axencia Turismo de Galicia e nas oficinas de turismo dependentes dela así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas serán curriculares, contempladas nos plans de estudo.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a), a



posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extra curriculares. Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudiante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Terceiro.- Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición adicional primeira) que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, no art. 51.f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

Cuarto.- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.

Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

